

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A EXPLORACIÓN DAS POTENCIALIDADES DA ANÁLISE DE DATOS NA ADECUACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE VIRTUAIS PARA A MELLORA DO ÉXITO ACADÉMICO

### REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94, do 16 de maio), que actúa de conformidade coas facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Doutra parte, **Manuel Joaquín Reigosa Roger**, Reitor da Universidade de Vigo (en diante, a Universidade), provista de C.I.F. número Q8650002B y con domicilio social en Anexo Gerencia, Campus Lagoas-Marcosende 36310 Vigo.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

### EXPOÑEN:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten entre as súas funcións a de poñer a disposición dos centros educativos contornas de aprendizaxe que respondan aos principios de igualdade, inclusión, calidade e equidade. Isto implica a axeitada atención á diversidade do alumnado e a posta en xogo de procesos de aprendizaxe centrados neste.



2. Que a Consellería é consciente da necesidade de ferramentas para a análise da enorme cantidade de datos que se xeran nas plataformas de ensino virtual e mixto por parte de estudantado galego de escolaridade obrigatoria, que permitan ao persoal docente tomar mellores decisións informadas de planificación e axuste das actividades formativas de xeito individualizado para garantir a plena equidade do sistema educativo.

3. Que o Grupo de Tecnoloxías da Información da Universidade (en diante, GTI) é o principal grupo en transferencia tecnolóxica da Universidade no campo das TIC, sendo Grupo de Referencia Competitivo en catro ocasións.

4. Que o GTI ten desenvolvido unha intensa actividade no campo do procesamento de grande volumes de datos e da intelixencia artificial aplicada á ensinanza, así como a asistencia a persoas con necesidades específicas de apoio educativo. Parte dunha sólida base de recursos propios de análise de datos e textos (emoción, sentimento e aspectos, segmentación automática e xeración de textos).

Por iso e para alcanzar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común de ambas as partes, asíñase este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. - OBXECTO

Este convenio ten por obxecto a colaboración entre o Grupo de Tecnoloxías da Información (GTI), do Centro de Investigación AtlanTTic da Universidade de Vigo, e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a exploración das posibilidades e desenvolvemento de probas piloto e de viabilidade de ferramentas para a análise e procesado de datos educativos xerados pola interacción do estudantado nas plataformas de ensino virtual e mixto.

A Consellería determinará as prioridades en materia de atención á diversidade e individualización do ensino en niveis obrigatorios que se derivan do uso de entornos virtuais de aprendizaxe, tanto para o seu uso virtual e mixto como presencial en aula mediante a utilización de materiais didácticos dixitais ou dixitalizados.



Os resultados da presente colaboración poderán materializarse en informes e artigos científicos conxuntos, ademais de probas piloto e de concepto que inclúan a valoración da súa viabilidade e a pertinencia do súa implementación a maior escala.

## SEGUNDA. -FINANCIAMENTO

O orzamento previsto para as actuacións obxecto do presente convenio ascende a 32.000 €.

A Consellería financiará exclusivamente con fondos propios as actuacións derivadas do presente convenio cun importe total de 22.000€ que se imputarán á partida orzamentaria 10.01.421A.640.3, código de proxecto 2022 00072, dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023.

A Universidade colaborará economicamente coa achega dun máximo de 10.000€ correspondente ao tempo de traballo do seu persoal encargado das tarefas de investigación, desenvolvemento e xeración de artigos científicos e informes relativos ao traballo desenvolvido no marco de dito convenio.

## TERCEIRA. -XUSTIFICACIÓN

Para percibir a cantidade máxima sinalada, a Universidade presentará electronicamente, con data límite **15 de decembro de 2023**, a seguinte documentación:

- Certificación que acredite que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio e que os fondos foron destinados a tal fin.
- Certificación detallada da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Informe de resultados das actividades realizadas no marco deste convenio.

No caso de que a xustificación de gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula cuarta, a achega da Consellería diminuírá proporcionalmente.

Ditas achegas financiarán o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña ningún lucro.



O ingreso por parte da Consellería farase efectivo na conta ES 2800 4954 7053 2316 072331 da que é titular a Universidade de Vigo.

#### **CUARTA. – COLABORADORES E COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

1. As partes acordan estruturar o convenio en base aos seguintes colaboradores:

- Por parte da Universidade, D. Enrique Costa Montenegro, Profesor Titular de Universidade adscrito ao Departamento de Enxeñaría Telemática, que actuará como corresponsable do convenio e enlace, Francisco Javier González Castaño, Catedrático de Universidade, Cristina López Bravo, Profesora Titular de Universidade, e os investigadores posdoc Silvia García Méndez e Francisco de Arriba Pérez.
- Por parte da Consellería, Doña Fátima María García Doval, que actuará como corresponsable do convenio e enlace; e Manuel Vila Tosar e María Cristina Vilas Taboada, asesores do Servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación.

2. Para o seguimento da execución deste convenio e a realización das propostas de modificación e desenvolvemento que se consideren oportunas constituirase unha Comisión de Seguimento do Convenio, que velará pola correcta execución e seguimento dos compromisos recollidos no mesmo e resolverá, no seu caso, as dúbidas e controversias que puidesen xurdir na súa aplicación e interpretación. Estará formada por dous representantes por cada unha das partes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **QUINTA. – RESULTADOS CONXUNTOS**

Cos resultados do convenio ten previsto relizarse unha proba de concepto no Sistema Educativo Galego para así poder avaliá-lo. Ademais ditos resultados publicaranse coma artigos científicos en revistas internacionais de referencia.



Os traballos, informes e resto de material que resulten das actuacións obxecto do presente convenio serán titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por todas as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a consellería, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

#### **SEXTA. - MODIFICACIÓN, DENUNCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses de demora, as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- Acordo unánime de todos os asinantes.
- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.



- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

#### **SÉTIMA. --INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Consellería, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **OITAVA. – PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO**

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a consellería publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

#### **NOVENA. - NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo con o artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación sexta.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir en última instancia, as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

#### **DÉCIMA. -VIXENCIA**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e permanecerá vixente ata o 31 de decembro de 2023, podendo ser prorrogado de maneira expresa mediante as correspondentes addendas, cos límites establecidos no artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. -NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e, por tanto, a recibir notificacións por medios electrónicos son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o



interesado poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

## **DÉCIMO SEGUNDA. - PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeneral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

En todo caso, os datos que a Consellería facilite á Universidade para a realización das actuacións obxecto do presente convenio facilitaranse con aplicación de técnicas de anonimización ou disociación que impidan a identificación de persoas físicas.

As partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, económicos ou de organización interna ás que puideran ter acceso na execución do presente convenio, salvo cando estas informacións sexan de dominio público ou no marco de informes e artigos científicos conxuntos e de común acordo.

No suposto de que, con anterioridade á iniciación do convenio, calquera das partes tivera acceso a información da outra, a dita información será considerada, a todos os efectos previstos no presente acordo, como información confidencial.

A parte receptora non poderá copiar nin reproducir en formato ou soporte algún a información confidencial subministrada pola outra parte ou á que teña acceso con ocasión da execución do presente acordo.

A parte receptora devolverá, a requirimento da emisora, toda a información confidencial subministrada por esta. Así mesmo, a requirimento da parte emisora, a parte receptora deberá eliminar ou borrar toda aquela información que fora almacenada en soportes non susceptibles de devolución.



As obrigas previstas nesta cláusula permanecerán en vigor despois da finalización do convenio e por un período de cinco anos.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigacións derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

En proba da súa conformidade co exposto, ambas as partes asinan o presente convenio de forma dixital.

Pola Consellería

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación  
Profesional e Universidades

P.D. (Orde 29/07/2022, DOG núm. 151, do 9 de agosto)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Pola Universidade de Vigo  
O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

